

Neste breve manual mostraremos como crear unha actividade Ardora que reproduce un video Flv.



O primeiro será lanzar Ardora e ir a menú correspondnte:

1-Arquivo - Nova páxina multimedia- Reprodutor de - Flv

Abriremos así unha ventá na que teremos que incorporar o video flv correspondente e poderemos incluír unha serie de opcións.

2-Eliximos o video Flv

Localizamos o arquivo de video no noso PC.

Ten que ser necesariamente en formato Flv.


Recordamos que hai distintas ferramentas libres e /ou gratuítas que nos pasarán calquera video a este formato.

En **Windows** podemos facelo dun xeito doado con **Format Factory** ou **WinFF**.

En **Linux** tamén dispoñemos de **WinFF** ou mesmo **Avidemux**.



3- Dámoslle título o video



Non sería obrigatorio.


Tampouco sería obrigatorio elixir unha imaxe inicial que se vería antes de lanzar o video, pero si poderíamos engadila.

4- Símbolo, anagrama ou sinatura

Opcionalmente poderíamos engadir unha sinatura ou símbolo significativo do autor, actividade....




No exemplo, engadimos nunha esquina superior símbolo de Ardora.



5-Marco de fondo


Para mellorar a presentación poderíamos engadir un fondo no que encadrar o vídeo a mostrar.

Hai que ter en conta as dimensións do marco, que deberán ser maiores que as do vídeo a mostrar. Se non o fixeramos así, o fondo non se mostraría.



6-Carpeta e lugar para gardar a actividade.


2 Seleccione os distintos parámetros para a actividade



Indicamos o nome da carpeta onde gardamos a actividade (só 6 letras)

Tamén sinalamos o destino dentro do noso PC.

Só nos falta facer a web que vai conter e lanzar o vídeo. Para elo cambiamos de pestana.



7-Web que inclúe o vídeo (html)

3 Escriba o enunciado para a actividade



Neste novo espazo indicamos o Enunciado para a actividade, o Título da ventá que contén o vídeo e o autor da actividade.

4 Elixa o aspecto da páxina web que contén á actividade



Finalmente gardamos a actividade e a publicamos.

No exemplo proposto creouse unha carpeta chamada **video1**.


Nesta carpeta hai un arquivo html e unha nova carpeta que contén o vídeo e o reprodutor flv.

Para reproducir o vídeo prememos no arquivo html.

Para distribuír ou publicar o vídeo, temos que enviar a carpeta **video1** completa.

8-Resultado final

Video dunha fervenza



vARIOS

Observemos o resultado final, co Título da ventá: Fervenza.
O simbolo de Ardora na esquina superior dereita.
O fondo verde que se puxo por detrás do video.
O enunciado da actividade: Video dunha fervenza.
Finalmente os autores: Varios.